



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

MIGUEL BAUTISTA CARBALLO, Deputado provincial do Grupo Socialista na Deputación Provincial de Ourense, en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte:

SOLICITUDE

Segundo a Ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e dos puntos limpos da provincia de Ourense, constitúe obxecto da mesma, a ordenación e imposición das taxas correspondentes ao servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e puntos limpos nos municipios dos Concellos de Avión, Bande, Baltar, Beariz, Boborás, Entrimo, A Gudiña, O Irixo, Larouco, Lobeira, Lobios, Muíños, A Peroxa, O Pereiro de Aguiar, Petín, Porqueira, Punxín, San Amaro, San Cristovo de Cea, San Xoán de Río, Sandiás, Sarreaus, Vilamarín e Vilamartín de Valdeorras.

Desta relación de municipios, hai varios que teñen a recadación destas taxas delegada nesta deputación, polo que solicito coñecer se por parte deste servizo se está a cobrar a taxa correspondente por cemiterios e Igrexas ou templos con cemiterios destes municipios.

En Ourense, 28 de novembro de 2017.

Asdo. Miguel Bautista Carballo



-SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE